



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Enfermería Clínica II	Código	750G01035	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Fernández Basanta, Sara	Correo electrónico	sara.fbasanta@udc.es	
Profesorado	Fernández Basanta, Sara Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	sara.fbasanta@udc.es nuria.varela.feal@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Esta materia trata de iniciar ao estudante na aplicación dos coidados específicos da profesión utilizando o paradigma enfermeiro como base conceptual, considerando á persoa, familia e comunidade como elementos principais para a aplicación dos coidados enfermeiros apoiando-se en modelos e teorías de enfermaría.			
Plan de contingencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non se realizará ningunha modificación.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>As metodoloxías docentes serán mantidas no caso de que un/ha ou varios estudante/s estén confinados. Nese caso, levarase a cabo docencia síncrona online (no caso das leccións maxistras e o resto de metodoloxías). Ante esta situación, as profesoras deberían ser avisadas canto antes e enviarlles os informes xustificativos. Se o confinamento individual afecta o desenrolo da proba obxectiva, esta deberase realizar de forma presencial nunha nova data acordada entre o alumnado afectado e as docentes.</p> <p>No caso de que exista un peche de actividades presenciais, as metodoloxías docentes adaptaranse a virtualidade.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC, o TEAMS, e o correo electrónico institucional as canles principais de comunicación.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: Ningunha *Observacións de avaliación: A realización das probas será mediante o uso das ferramentas informáticas institucionais.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A34	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas distintas fases.
A35	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
A36	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
A37	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
A38	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
A39	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
A60	Coñecer os coidados paliativos e control da dor para prestar coidados que alivien a situación dos enfermos avanzados e terminais.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.



B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar cambios na saúde da persoa adulta: Factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, as manifestacións, métodos de diagnóstico, tratamentos clínicos e cirúrxicos específicos.	A34	B1	C1
	A35	B2	C3
	A36	B3	C4
	A37	B4	C6
	A38	B5	C7
	A39	B6	C8
		B7	C10
		B8	C11
		B9	C12
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
	B24		



Identificar as necesidades de coidado en adultos con problemas de saúde derivados de tratamentos, probas de diagnóstico e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12
Identificar os diagnósticos de enfermaría e potenciais complicacións en adultos con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas de diagnóstico e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12
Planificar os coidados de enfermaría para adultos con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas de diagnóstico e procedementos terapéuticos.	A34 A35 A36 A37 A38 A39	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12



Identificar as necesidades de plan de asistencia e cuidados de enfermaría específicos para as persoas con enfermidade avanzada e terminal e as súas familias	A34	B1	C1
	A35	B2	C3
	A36	B3	C4
	A37	B4	C6
	A38	B5	C7
	A39	B6	C8
	A60	B7	C10
		B8	C11
		B9	C12
		B11	
		B12	
		B13	
		B15	
		B16	
		B19	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didáctica VI: Atención de enfermaría as persoas con trastornos da función Endocrina Metabólica.	- Coidados as persoas con alteracions ou trastornos da función Endocrina Metabólica: aspectos e tendencias.
Unidade didáctica VII: Atención de enfermaría as persoas con trastornos da función Dixestiva.	- Coidados as persoas con alteracions ou trastornos da función Dixestiva: aspectos e tendencias.
Unidade didáctica VIII: Atención de enfermaría as persoas con trastornos da función muscular e esquelética.	- Coidados as persoas con alteracions ou trastornos da función muscular e esquelética: aspectos e tendencias.
Unidade didáctica IX: Atención de Enfermaría as persoas con Queimaduras.	- Coidados as persoas con Queimaduras.
Unidade didáctica X: Atención de enfermaría a persoas con enfermidade avanzada e terminal.	- Coidados Paliativos as persoas en situación de enfermidade avanzada e terminal: aspectos e tendencias

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	9	25	34
Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	6	15	21



Proba obxectiva	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	1	20	21
Aprendizaxe colaborativa	A34 A35 A36 A38 A39 B1 B2 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C3 C4 C6 C7	5	26	31
Sesión maxistral	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	21	20	41
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A realización desta actividade é obrigatoria e computa un 20%. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos para sumar o resto de actividades. - Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do docente por medio da simulación e da práctica deliberada. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo docente-titor.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado dividirase en grupos de número reducido. - A súa realización é obrigatoria e computa 20% - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. - Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.
Proba obxectiva	<p>Proba tipo test de resposta única. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos / (nº de erros/4) ou nº de acertos-(nº de errosx0.25).</p> <ul style="list-style-type: none"> - A realización desta proba é obrigatoria e computa o 40% da nota. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades. <p>A proba poderá realizarse de maneira presencial ou virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais.</p>



<p>Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización de pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A súa realización é obrigatoria e computa 20% da nota. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar a calificación do resto de actividades. <p>Esta metodoloxía realizarase de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>
<p>Sesión maxistral</p>	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Esta metodoloxía realizarase de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Estudo de casos Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>A atención personalizada realizarase a cada grupo que realizan o traballo tutelado, os estudos de casos, eo aprendizaxe colaborativo para facer un seguimento mais proximo do traballo que estan desenrolando.</p> <p>Realizarase ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
<p>Estudo de casos</p>	<p>A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12</p>	<p>Os estudantes exporanse a situación clínicas prácticas relacionadas con contidos proporcionados nas sesións maxistrais e seminarios, mediante un sistema de pregunta-resposta, proporcionando no caso de que sexa necesaria documentación ou outro material para ampliar os coñecementos.</p> <p>Valorarase a capacidade para relacionar o coñecemento teórico dos contidos desenvolvidos nas Sesións Maxistrais e os Seminarios con problemas concretos, e a capacidade de análise e comprensión da situación, mediante traballo colaborativo.</p> <p>Os Casos Clínicos exporanse e entregarase a través da plataforma Moodle, dentro do prazo sinalado. A entrega dos estudos de casos é obrigatoria.</p> <p>Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados. Supoñerán o 20% da cualificación final.</p>	<p>20</p>



Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	<p>Na práctica deliberada (simulación grabada en video) valorase que o alumno sexa capaz de:</p> <p>Presentarse, dá acordo á situación, á familia e darlle a opción de expor o motivo das súas preocupacións.</p> <p>Estruturar o encontro cun inicio, desenlace e un final ou despedida.</p> <p>Establecer unha relación de axuda e de seguridade, a través dunha escoita activa e sen emitir xuízos de valor.</p> <p>Conectar emocionalmente e construír unha relación de confianza coa familia.</p> <p>Permitirlle expresar os seus medos e resolver dúbidas e preocupacións.</p> <p>Recoller e atender adecuadamente a expresión de emocións.</p> <p>Establecer unha conversación dialóxica coa familia.</p> <p>Ofrecer á familia a posibilidade de deliberar sobre as decisións a tomar.</p> <p>Para superar o traballo deberá:</p> <p>Entregar ou expoñer os traballos tutelados na data que se indique. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados.</p> <p>Obter unha puntuación igual o superior a 5 (sobre 10) do peso desta metodoloxía.</p> <p>Supón o 20% da calificación final.</p>	20
Proba obxectiva	A34 A35 A36 A37 A38 A39 A60 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	<p>A proba obxectiva ten un valor de 10 puntos e para superala o estudante debe alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.</p> <p>As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos ? (nº erros/4) ou nº de acertos-(nº de errosx0.25). É obrigatoria e será necesario acadar unha puntuación do 50% para sumar o resto de puntuacións.</p> <p>- Se o estudante non se presentase a esta Proba na Acta aparecerá NON PRESENTADO, reservándose as porcentaxes só ata a convocatoria Extraordinaria de Maio/ Xullo.</p>	40
Aprendizaxe colaborativa	A34 A35 A36 A38 A39 B1 B2 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C3 C4 C6 C7	<p>Plantexaranse actividades para realizar en grupo pequenos de traballo, de entre 5 a 6 estudantes. Os estudantes exporanse a situacións e problemas relacionadas con contidos proporcionados nas sesións maxistras que deberán resolver mediante traballo colaborativo, e seguindo un sistema de pregunta-resposta.</p> <p>Exporanse e entregaranse a través da plataforma Moodle, dentro do prazo sinalado. A entrega é obrigatoria. Os traballos que non se presenten en tempo e forma non serán avaliados.</p> <p>Supoñerán o 20% da cualificación final.</p>	20

Observacións avaliación



Para superar a materia no SISTEMA ORDINARIO (obrigatorio para todo o alumnado con matrícula ordinaria) o estudante debe superar cada unha das partes, aprendizaxe colaborativo (20%), traballos tutelados (20%), estudo de casos (20%) e proba obxectiva (40%).

A cualificación de non presentado: otorgarase ao alumnado que non se presente ao exame nin participe nas actividades programadas.

O alumnado da convocatoria adiantada de Decembro e Segunda Oportunidade, debe cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias.

O alumnado con matrícula a tempo parcial (con o sin dispensa académica) poderá optar a non acudir as actividades grupais presenciais, pero deberá traballar nas actividades programadas (según a documentación do moodle) e presentalas de forma individual na plataforma moodle ou de forma presencial nas titorías programadas.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para o alumnado que curse a materia e que aprobese as metodoloxías de avaliación continua, pode volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a proba obxectiva, tendo en conta que a cualificación da mesma fará media coa cualificación obtida no curso académico no que cursase o resto de actividades.

Para optar á matrícula de honra, o alumnado deberá acadar unha calificación final entre 9,6 - 10.

SEGUNDA OPORTUNIDADE E OUTRAS: O/a estudante de "2ª oportunidade e outras" seguirá o sistema de avaliación da 1ª oportunidade. Poderá presentar as actividades académicas pendentes, ou as non superadas, e acudir á proba obxectiva.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Ackley, B.J.; Ladwig, G.B. (2006). Manual of Nursing Diagnostics. ELSEVIER-DOYMA.
- Moorhead,S.;Johnson, M.; Maas,M.L.; Swanson,E. (2009). Classification of results (NOC). ELSEVIER-DOYMA.
- Bulechek, G.M.; Butcher, H.K.; McCloskev, J. (2009). Classification of interventions (NIC). ELSEVIER-DOYMA.
- Doughty, Dorothy (2005). Disorders gastrointestinal. Doyma
- Canobbio, M. (2003). Disorders cardio-vascular. Doyma
- Holloway, Nancy (2000). Planes de cuidados de Enfermería Medico-quirurgica. Doyma
- Wilson, Susan; Thomson, June (2003). Trastornos respiratorios. Doyma
- De Wit, Susan (2000). Fundamentos de Enfermería Medico-quirurgica. Harcourt
- Carpenito, L.J. (2005). Manual de Diagnosticos de Enfermería. McGraw-Hill- Interamericana
- NANDA, Diagnosticos enfermeros (2009/2011). NANDA. Definiciones y Calsificacion. Harcourt
- Gordon, M. (2009). Diagnostico enfermero. Proceso y clasificacion. Harcourt
- Luis, M.T. (2008). Diagnosticos enfermeros. Un instrumento para la practica asistencial. Harcourt
- Potter, P.A. (2009). Fundamentos de enfermería. Teoria y Practica. Harcourt
- Astudillo, W.; Mendinueta, C. (1997). Cuidado enfermero en fase terminal y su familia. EUNSA
- Thomas, L.V. (1983). Antropologia de la muerte. Fondo de cultura economica. Mexico
- Espejo Arias, M.D. (2000). Cuidados Paliativos. Paradigma
- Juve, E. (1996). Enfermería Onco-hematologica. Masson
- Klüber Ross (1987). Sobre la muerte y los moribundos. Grijalbo
- Mcuan, B. (1997). Paciente Terminal y muerte. Doyma

Bibliografía complementaria

Aportarase bibliografía actualizada a través de artigos científicos relacionados cos temas a traballar.O estudante disporá de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001

Bioloxía/750G01002

Psicoloxía/750G01003

Fisioloxía I/750G01005

Fundamentos da Enfermaría/750G01007

Fisioloxía II/750G01010

Farmacoloxía/750G01011

Enfermaría Clínica I/750G01034



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases para a interpretación do coñecemento científico/750G01008

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016

Estancias Clínicas I/750G01025

Materias que continúan o temario

Observacións

ADAPTACIÓN DA PRESENCILIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Todas as actividades presenciais levaranse a cabo con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumpran as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: [https séguense: //udc.es/es/fep/coronavirus/](https://udc.es/es/fep/coronavirus)No caso de que o grupo de docencia maxistral supere as indicacións da capacidade da aula, estableceranse grupos rotativos de ensino híbrido, onde o alumnado que non colla na aula seguirá a docencia telemáticamente esa semana e a seguinte de xeito presencial, sendo o outro grupo o que a realizará de forma telemática, segundo a planificación establecida polo profesorado da materia.**OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE:** Para axudar a acadar un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Ensinanza e investigación ambiental e social saudables e sostibles" do "Plan de acción Green Campus Ferrol":A entrega dos traballos documentais que se leven a cabo nesta materia farase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de facerse en papel: non se utilizarán plásticos, farase a impresión a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores.Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.**RECOMENDACIÓNS DE IGUALDADE DE XÉNERO E NON DISCRIMINACIÓN:** Dacordo coa diferente normativa aplicable para o ensino universitario nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero, garantindo o non uso da linguaxe sexista na aula, nos documentos elaborados sobre o tema. e nas actividades docentes realizadas co alumnado.Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula, influíndo no ambiente para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.Prestarase especial atención á detección de situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.Facilitará a plena integración dos estudantes que, por razóns físicas, sensoriais, mentais ou socioculturais, experimentan dificultades para un acceso adecuado, igual e rendible á vida universitaria.**PLAXIO:** Na realización dos traballos da materia, o plaxio e o uso de material non orixinal, incluído o obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a/s, será calificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias que poidan xurdir despois do correspondente procedemento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías